

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 12 de xaneiro de 2022 pola que se publica o prego de prescricións particulares do servizo portuario de practicaxe nos portos de Cariño, Burela e Viveiro, así como o seu acordo de aprobación.

O Consello Reitor da EPE Portos de Galicia, en sesión ordinaria do 22 de decembro de 2021, de conformidade coas previsións contidas na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, á vista da correspondente proposta, acordou aprobar o prego de prescricións particulares do servizo portuario de practicaxe nos portos de Cariño, Burela e Viveiro.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes contado desde esta publicación, ante o Consello Reitor de Portos de Galicia, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contado desde esta publicación.

O que, en cumprimento do expresado acordo, faise público para xeral coñecemento, quedando, ademais, o devandito prego, ao dispor dos interesados nas oficinas desta EPE Portos de Galicia e na súa páxina web www.portosdegalicia.com

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2022

Susana Lenguas Gil
Presidenta de Portos de Galicia

ANEXO**Prego de cláusulas particulares de prestación do servizo portuario de practicaxe e amarre nos portos de Cariño, Celeiro e Burela****Artigo 1. Obxecto e fundamento legal**

O obxecto do presente prego de cláusulas particulares (en diante, PCP) é a regulación do outorgamento de licenzas e da prestación do servizo técnico-náutico de practicaxe por-



tuario nos portos de Cariño, Celeiro e Burela (A Coruña e Lugo), xestionado pola Autoridade Portuaria da Xunta de Galicia, entidade pública empresarial Portos de Galicia (en diante, Autoridade Portuaria), conforme o Regulamento (UE) 2017/352 (coa excepción do capítulo II e o artigo 21 que non son de aplicación ao servizo de practicaxe) e en virtude do disposto nos artigos 116, 119 e concordantes da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

Conforme o anterior, neste prego recóllense as condicións particulares coas que debe prestarse o servizo portuario especial de practicaxe por medio de licenza, nos portos de Cariño, Celeiro e Burela, así como os procedementos de control da súa prestación e dos sancionadores, nos termos previstos na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, o Regulamento xeral de practicaxe (Real decreto 393/1996, do 1 de marzo), e no prego de condicións xerais de practicaxe elaborado polo ente público Portos de Galicia.

Tamén é o seu obxecto a regulación do servizo portuario especial de amarre cuxas prescricións específicas se recollen no clausulado anexo a este prego, para o mesmo ámbito xeográfico, nos termos previstos no artigo 115 e seguintes da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

Artigo 2. *Requisitos de capacidade persoal e solvencia profesional*

Poderán ser prestadoras dos servizos especiais as persoas físicas ou xurídicas españolas, doutros países da Unión Europea ou de terceiros países, condicionadas estas últimas á proba de reciprocidade, salvo nos supostos en que os compromisos da Unión Europea coa Organización Mundial do Comercio non exixan o devandito requisito, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en causa de incompatibilidade nin en causa de prohibición para contratar coas administracións públicas e o acrediten, nos termos previstos neste prego regulador do servizo.

Os solicitantes manterán ao día o cumprimento das obrigas fiscais, laborais e de seguridade social tanto no momento da solicitude como durante todo o período de duración da licenza e así deberán acreditarlo ante a Autoridade Portuaria.

As autorizacións poderán ser transmitidas, logo de autorización de Portos de Galicia, sempre que se faga a favor dunha persoa física ou xurídica que cumpra os requisitos previstos nesta epígrafe, e que as persoas que realizan a transmisión e as adquirentes cumpran os requisitos establecidos nas prescricións reguladoras do servizo. A transmisión terá,



respecto aos contratos de traballo do persoal ao servizo da persoa titular da autorización, os efectos previstos na lexislación e convenios laborais.

Como requisito de solvencia profesional, o solicitante deberá acreditar que o servizo será realizado por prácticos debidamente habilitados pola Administración competente e contar coa habilitación profesional e colexiación que legalmente resulte exixible.

Artigo 3. *Requisitos de solvencia*

1. Solvencia económica.

Exixírase ás empresas solicitantes, como condición de solvencia económica, que contén, polo menos, cun 10 % de fondos propios con respecto ao investimento que vaia realizar ou da súa facturación anual prevista, que será debidamente xustificada na solicitude e que deberá axustarse ao establecido na cláusula de medios materiais e humanos. Este requisito acreditarase polos medios seguintes:

1º. Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais cuxa contía será de 100.000,00 €, nos termos que se concretan no artigo 15.

2º. Declaración relativa á cifra de negocios global e, se for o caso, dos servizos de practicaxe prestados pola empresa nos tres últimos anos.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica por calquera outra documentación considerada como suficiente por Portos de Galicia.

Ao non afectar o prazo da autorización, non é preciso definir o investimento significativo no servizo portuario de practicaxe.

Segundo o artigo 123 da LPG, as persoas titulares de autorizacións para a prestación de servizos portuarios especiais deberán levar, para cada un dos servizos que presten, unha estrita separación contable conforme os usos e prácticas comerciais admitidas, entre os devanditos servizos e actividades, e aqueles que presten fóra do ámbito portuario.

2. Solvencia técnica e profesional.

A solvencia técnico-profesional do solicitante quedará acreditada tendo en conta a súa capacidade para a prestación do servizo nas condicións establecidas na Lei 6/2017, de



portos de Galicia, no que resulte de aplicación, no texto refundido da Lei de portos do Estado e mariña mercante, e nestas prescricións particulares:

a) Cando a empresa acredite, segundo o indicado neste prego, dispoñer dos medios humanos establecidos e que estes teñan a cualificación profesional exixida regulamentariamente.

b) Cando a empresa acredite, segundo o indicado neste prego, dispoñer dos medios materiais exixidos e demostre a súa capacidade para manter os devanditos equipos nas condicións exixidas neste prego para prestar o servizo.

Artigo 4. *Condicións para a prestación do servizo de practicaxe*

As seguintes normas serán de obrigado cumprimento para a prestación dos servizos de practicaxe de entrada, saída, movementos interiores e practicaxe voluntario nos portos de Cariño, Celeiro e Burela.

1. O servizo de practicaxe prestarase a bordo dos buques, dentro dos límites xeográficos especificados no prego de cláusulas particulares, incluíndo nel as instrucións impartidas polo práctico desde o momento en que parta da estación de practicaxe, para velar pola seguridade da navegación, dos buques, das súas tripulacións, das instalacións portuarias e dos usuarios do servizo, así como para unha boa operativa portuaria e a protección do medio mariño.

2. O práctico asegurase, antes de comezar unha manobra, de que todos os elementos de seguridade e asistencia con que debe contar para a realización da devandita manobra se atopen ao dispor do buque e de que as condicións meteorolóxicas permiten a execución da devandita manobra.

Entre os elementos de seguridade e asistencia atópase o sistema de balizamento do porto, o cal depende de tres entidades diferentes.

En caso de non ser posible a execución da manobra con seguridade, cancelárase esta e avisárase, se for o caso, o organismo responsable do mantemento do elemento fóra de servizo e a Capitanía Marítima de Ferrol ou de Burela, se for o caso, para que suspenda o servizo de practicaxe no porto durante as horas nocturnas, por seguridade da navegación, ata que se restableza o servizo.



3. O práctico debe dar conta de forma inmediata á Capitanía Marítima e a Portos de Galicia de calquera suceso que se produza con motivo da prestación do servizo de practicaxe e que afecte, ou puidese afectar, a seguridade marítima, a seguridade da vida humana no mar ou o medio mariño. Inclúense entre os devanditos sucesos as deficiencias observadas e as anomalías detectadas nos buques durante as manobras de entrada e saída de porto ou as manobras náuticas dentro del.

4. A orde de prestación de servizo no porto atenderá en primeiro lugar a criterios de seguridade e en segundo lugar á eficiencia, isto é, se hai que facer unha manobra de entrada e unha de saída, realízase primeiro a de saída e despois a de entrada, sempre que as condicións meteorolóxicas e de marea o permitan, valorando caso por caso a orde de execución das manobras.

Artigo 5. Horario de prestación do servizo de practicaxe e cobertura universal

O servizo de practicaxe nos portos de Cariño, Celeiro e Burela prestarase as vinte e catro horas do día durante todos os días do ano.

Hai que ter en conta que o horario de prestación do servizo neste porto está marcado polas mareas, dispoñendo duns períodos de tempo antes e despois das preamares, máis ou menos amplos en función do coeficiente da marea, condicións meteorolóxicas, dimensións do buque e a súa condición, isto é, se está cargado ou en lastre.

O prestatario do servizo deberá adoptar as medidas oportunas para garantir a prestación do servizo no horario indicado no parágrafo anterior.

O prestador do servizo estará obrigado a atender toda demanda razoable en condicións non discriminatorias.

Con todo o anterior, o prestador do servizo poderá suspender temporalmente a prestación a un usuario por falta de pagamento reiterada de servizos anteriores, e notificará a adopción desta medida a Portos de Galicia e sempre que non quede comprometida a seguridade marítima.

Artigo 6. Límites e zonas do servizo de practicaxe e puntos de embarque e desembarque do práctico

As zonas de practicaxe dos portos de Cariño, Celeiro e Burela, os seus límites e os puntos de embarque e desembarque do práctico serán os recollidos nas cartas náuticas que como anexo (...) se acompañan ao presente prego.



Estes puntos poderán ser, excepcionalmente, modificados pola Capitanía Marítima en razón de extraordinarias circunstancias de seguridade.

Artigo 7. *Solicitud do servizo*

As solicitudes do servizo de practicaxe efectuaranse por parte dos consignatarios ou armadores da seguinte maneira, sen prexuízo da forma que con posterioridade poida fixarse entre a Capitanía Marítima e Portos de Galicia.

Entrada.

Con independencia das comunicacións que o consignatario ou armador deberá manter con Portos de Galicia e coa Capitanía Marítima correspondente, os consignatarios ou armadores quedan obrigados a comunicar ao práctico a chegada dos buques ao porto canto antes, confirmando o ETA/ETB con 24 horas de antelación mínima, e ratificándoa con 6 horas.

Con esta información, o anuario de mareas e a previsión meteorolóxica, establécese a hora de embarque do práctico (PBT).

Corenta e cinco minutos antes da hora establecida para o embarque do práctico, este contactará co buque en VHF canle 12, dándolle instrucións para a colocación da escala de embarque de práctico e punto de embarque del, así como confirmación da hora de embarque.

O práctico subirá a bordo do buque no punto de embarque de práctico, indicado no artigo 4. No caso de que as condicións meteorolóxicas non lle permitan o embarque, o práctico asesorará o capitán desde a embarcación de prácticos ata o lugar e momento en que poida efectualo, e fará constar esta circunstancia na folla de servizo.

No caso de que non sexa posible en ningún punto o embarque do práctico, o buque permanecerá en navegación á espera da melloría do tempo.

En caso de discrepancia profesional entre o práctico e Portos de Galicia en materia de seguridade marítima, será competencia da Autoridade Marítima a decisión sobre a posibilidade de realizar en condicións aceptables as operacións de practicaxe ou sobre as condicións da súa realización.



Saída e manobras interiores.

O consignatario confirmará ao práctico a hora de saída ou de inicio da manobra interior acordada, cunha antelación mínima de dúas horas. Previamente establécese unha hora de saída en función da hora de remate das operacións de carga/descarga, das condicións meteorolóxicas e da marea.

O práctico desembarcará no punto de desembarque indicado no artigo 4 ou no punto onde deixe o buque en franquía, logo de indicación do seu capitán, e fará constar tal incidencia na folla de servizo. No caso de que as condicións meteorolóxicas non permitan o desembarque do práctico nos puntos indicados, poderá, de acordo co capitán, impartirlle as instrucións necesarias para deixar o buque en franquía e desembarcar antes, continuando o asesoramento do capitán desde a embarcación de prácticos ata deixar o buque en franquía, e fará constar esta circunstancia na folla de servizo.

Durante o tempo que o buque permaneza no interior das augas portuarias, o único representante autorizado daquel para solicitar a realización das manobras portuarias de practicaxe é o armador do buque ou os seus representantes (capitán e consignatario).

En situacións de emerxencia que afecten a seguridade, a asistencia do práctico poderá ser requirida polo capitán marítimo ou polo propio capitán do buque.

Artigo 8. Conceptos tarifarios obxecto da facturación dos servizos de practicaxe e amarre

Defínense a seguir os conceptos tarifarios correspondentes aos servizos de practicaxe.

1. Practicaxe de entrada: mar a peirao de atracada.
2. Practicaxe de saída: peirao de atracada a mar.
3. Movements interiores.

Son os que teñen lugar dentro dos límites da zona de servizo de practicaxe.

Mediante resolución da Capitanía Marítima as emendadas poderán ser realizadas pola propia tripulación do buque se son inferiores a unha eslora, ata un máximo de 100 metros, e atendendo ademais a certas condicións meteorolóxicas e técnicas.



Se a emendada é superior a unha eslora ou é de máis de 100 metros, é obrigatorio a utilización do servizo de amarradores portuarios, e se a emendada é superior a dúas esloras ou superior a 200 metros, require o desatraque do buque ou a utilización da súa máquina principal ou remolcador, será necesario ademais a utilización do servizo de practicaxe.

No caso de utilización do servizo de amarre facturárase polo traballo realmente realizado, isto é, un desamarre máis un amarre.

Os servizos de practicaxe solicitados voluntaria e expresamente polo capitán do buque, que supoñan desprazamento do práctico fóra da zona de practicaxe, son obxecto de consideración especial e están regulados no artigo 7.

Artigo 9. *Facturación do servizo*

As tarifas correspondentes aos servizos de practicaxe son as aprobadas anualmente por Portos de Galicia. As tarifas facturáranse en función do arqueo ou GT dos buques medido conforme o Convenio Internacional do 23 de xuño de 1969, sobre arqueo de buques, feito en Londres.

Os custos de practicaxe de entrada e de saída son idénticos.

O importe das manobras náuticas no interior do porto recóllese así mesmo no devandito anexo.

As tarifas de practicaxe comprenden, ademais do custo dos servizos profesionais do práctico, a subministración das informacións necesarias para a correcta realización do servizo.

O prestatario do servizo de practicaxe recollerá nun libro de rexistro ou sistema informático con garantías equivalentes, autorizado polo ente público Portos de Galicia, as características que definan o servizo prestado e as necesarias para determinar a súa facturación, así como calquera incidencia producida durante a prestación do servizo.

Forma de facturación.

A facturación e o control dos servizos de practicaxe realizaranse conforme as tarifas anuais aprobadas por Portos de Galicia, que garantan a correcta correlación entre o servizo prestado e a facturación realizada, así como a obtención de suficiente información para os efectos estatísticos.



Forma de aboamento.

O prestatario do servizo de practicaxe facturará directamente aos consignatarios os importes do servizo de cada buque.

O prestatario do servizo deberá proporcionar a Portos de Galicia trimestralmente os datos relativos aos servizos prestados, no formato que determine Portos de Galicia, co fin de posuír a información que lle permita controlar e planificar adecuadamente o servizo e introducir as melloras oportunas.

Portos de Galicia poderá inspeccionar cando o considere oportuno a documentación respecto á prestación do servizo indicada no presente prego.

Artigo 10. *Atrasos, cancelacións e outras situacións*

Anulacións e atrasos debidos ao buque.

Os capitáns están obrigados a ter o buque listo para o inicio das manobras á hora fixada na súa petición do servizo.

Se se atrasa o inicio das manobras, por causas imputables ao buque/capitán, serán de aplicación as seguintes recargas:

- Os primeiros 30 minutos non serán obxecto de recarga.
- O atraso superior a 30 minutos e ata unha hora devindicará unha recarga do 50 % sobre a tarifa correspondente (tarifa base + recargas por nocturnidade/festivo correspondente).
- O atraso superior a unha hora devindicará unha recarga do 100 % sobre a tarifa correspondente (tarifa base + recargas por nocturnidade/festivo correspondente).

O capitán do buque decidirá a permanencia ou non do práctico a bordo se existe demo-ra. Non obstante, o práctico poderá decidir non permanecer a bordo do buque por razóns xustificadas do servizo cando se atrase a operación máis de 45 minutos. Enténdese nestes casos que o desembarque do práctico supón a obrigatoriedade de solicitar novamente o servizo.



Se o representante do buque ou o capitán cancelan un servizo xa solicitado, dará lugar ás seguintes recargas e modificacións:

– Se a cancelación da manobra se realiza dentro da hora anterior á solicitada inicialmente para o comezo da manobra, facturarase o 100 % da tarifa correspondente (tarifa base + recargas por nocturnidade/festivo correspondente).

– Para cancelacións efectuadas entre unha hora e dúas horas antes da hora solicitada inicialmente para o comezo da manobra, facturarase o 50 % da tarifa correspondente (tarifa base + recargas por nocturnidade/festivo correspondente).

Non serán obxecto de recarga as modificacións sobre a hora de inicio dun servizo xa solicitado e realizadas cunha antelación superior a dúas horas.

Estas recargas serán de aplicación a condición de que non obedezan a circunstancias ou condicións meteorolóxicas de excepción recoñecidas pola Capitanía Marítima.

Atrasos debidos ao prestatario do servizo.

O tempo máximo de resposta para prestar un servizo de practicaxe será de 30 minutos, contados desde a hora prevista para que o práctico suba a bordo do buque no lugar sinalado.

Os atrasos sobre o inicio da prestación real do servizo que superen a hora fixada nun período de tempo superior a 30 minutos deberán ser debidamente xustificadas.

En todo caso, o atraso en presentarse o práctico a bordo do buque ou iniciar a prestación dos servizos, respecto da hora solicitada, por causa imputable ao prestatario do servizo, dará lugar a unha redución das correspondentes tarifas nas seguintes contías:

- Os primeiros 30 minutos non serán obxecto de redución ningunha.
- Entre 30 minutos e unha hora de espera, unha redución dun 25 % sobre a tarifa aplicable.
- Entre unha hora e dúas horas de espera, unha redución dun 50 % sobre a tarifa aplicable.
- A partir da segunda hora de espera, unha redución dun 100 % sobre a tarifa aplicable.



A xustificación de atrasos aducindo condicións meteorolóxicas de excepción deberá ser certificada pola Capitanía Marítima.

Buques sen medios de propulsión.

Terán unha recarga do 100 % as tarifas correspondentes aos servizos realizados a todo buque coa súa propulsión ou goberno fóra de servizo (exceptúanse as horas de posta á disposición ou espera).

Artigo 11. *Garantía de cobramento dos importes de practicaxe*

Se algún buque ou consignatario non aboara a facturación dos servizos de practicaxe ou se demorara no seu pagamento, a condición de que as facturas se tramitasen correctamente, o prestatario do servizo poñerá en coñecemento do ente público Portos de Galicia para que este tome as determinacións que correspondan, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo das accións legais que o prestatario do servizo considere oportuno emprender.

En caso de falta de pagamento non xustificada dos servizos prestados, o prestatario do servizo, logo de conformidade de Portos de Galicia, poderá exixir o pagamento por adiantado.

Artigo 12. *Outras recargas autorizadas*

Non existe ningún outro tipo de recarga autorizada diferente dos citados no artigo 8 do presente prego, excepto a recarga polos servizos prestados en horario considerado nocturno, días festivos ou domingos.

Calquera gasto ou actividade prestado en relación co servizo de practicaxe no ámbito do porto, tales como desprazamentos, subministracións de información, instrucións de fondeo exterior, comunicacións, etc., están comprendidos nas tarifas aprobadas.

Artigo 13. *Actualización de tarifas*

Criterios de actualización e revisión das tarifas.

A) Criterios de actualización de tarifas máximas:

1. Portos de Galicia actualizará as tarifas máximas como consecuencia exclusivamente das variacións de custos que se puideron producir conforme os criterios indicados nesta epígrafe.



2. Conforme o establecido na Lei 2/2015, de desindexación da economía española, e no Real decreto 55/2017 que a desenvolve, estas actualizacións terán carácter de revisión periódica non predeterminada.

3. Para a realización destas actualizacións, teranse en conta os seguintes índices de variación de prezos obxectivos e públicos dos elementos de custo máis significativos do servizo:

a) Índice de variación do prezo do custo laboral:

i. Con base nos datos publicados polo INE no seu punto «50. Transporte marítimo e por vías navegables interiores» considerando a media dos últimos catro trimestres respecto da media dos trimestres 5 a 8 anteriores.

ii. O incremento repercutible polos custos de man de obra non poderá ser maior do incremento experimentado pola retribución do persoal ao servizo do sector público, conforme as leis de orzamentos xerais do Estado.

iii. O peso deste factor de custo laboral respecto do custo total que resultou da estrutura de custos analizada para a determinación das tarifas é de 0,76.

b) Índice de variación do prezo do combustible utilizado polas embarcacións:

i. Tomarase como referencia o índice de variación do prezo do gasóleo de automoción publicado polo Ministerio competente en materias de Enerxía nos seus informes anuais denominados «Prezos carburantes. Comparación 20XX-20XX» ou informe similar que o substitúa.

ii. O peso do custo do combustible na estrutura de custos do servizo é de 0,02.

c) Índice de variación do prezo das operacións de mantemento e reparacións no sector naval:

i. Obterase da variación anual do índice «3315: reparación e mantemento naval» publicado polo INE no punto «Índice de prezos industriais».

ii. O peso dos custos de mantemento e reparacións respecto dos custos totais da estrutura de custos do servizo é de 0,02.



d) Índice de variación anual do prezo dos seguros:

i. Obterase da variación anual do índice «Seguros relacionados co transporte» publicado polo INE no punto «Índice de prezos de consumo».

ii. O peso do custo dos seguros respecto dos custos totais da estrutura de custos do servizo é de 0,01.

4. Todos os índices de prezos que se utilicen corrixiranse excluindo as variacións impositivas, no caso de que existan.

e) Parte do índice de invariable: considérase que existe unha parte equivalente ao 0,19 do índice que se mantén invariable ao corresponder con amortizacións e elementos de custo non actualizable.

5. No caso de que non se empregue esta metodoloxía de actualización, a actualización das tarifas máximas considerarase revisión extraordinaria, realizándose con idénticos trámites que os seguidos para a aprobación deste PPP.

6. En cumprimento do establecido no Real decreto 55/2017 polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de desindexación da economía española, o expediente de actualización de tarifas máximas debe incluír unha memoria xustificativa para cuxa elaboración o prestador deberá achegar a Portos de Galicia a información necesaria.

B) Revisión extraordinaria.

Cando os ingresos percibidos polos servizos de practicaxe ou servizos auxiliares a estes sexan inferiores ao 50 % do valor do contrato permitirase ao prestador do servizo solicitar o reequilibrio tarifario para adaptarse á situación sobrevida ou a renuncia da prestación. A dita comunicación de renuncia, de producirse, farase con 3 meses de antelación.

Artigo 14. *Persoal e medios utilizados na prestación*

O prestatario do servizo dispoñerá en todo momento do persoal coa idoneidade técnica e provisto da debida habilitación para prestar o servizo de practicaxe. Así mesmo, dispoñerá en todo momento do persoal auxiliar coa idoneidade técnica e en número suficiente para atender os servizos que constitúen a actividade normal do porto, así como dos medios técnicos adecuados e suficientes para lograr un bo nivel de calidade na súa prestación.



Os medios marítimos que utilice o servizo de practicaxe e o sistema co cal o buque facilite o embarque e o desembarque do práctico deberán reunir as condicións de seguridade que estableza a normativa vixente e de idoneidade requirida para lograr un bo nivel de calidade na súa prestación.

1. Persoal:

- Un práctico habilitado e nomeado para os portos de Cariño, Celeiro e Burela.
- Un práctico habilitado temporalmente segundo o Real decreto 393/1996, do 1 de marzo, por un período de 4,67 meses para cubrir os descansos/vacacións do práctico titular, máis o tempo empregado por este na realización dos cursos de formación e reciclaxe obrigatorios.
- Un patrón para a embarcación de prácticos.
- Un patrón de substitución por un período de 4,67 meses para cubrir os descansos/vacacións do patrón titular, máis o tempo empregado por este na realización dos cursos de formación obrigatorios.
- Un mariñeiro-amarrador.
- Un mariñeiro-amarrador de substitución, por un período de 4,67 meses para cubrir os descansos/vacacións do mariñeiro-amarrador titular, máis o tempo empregado por este na realización dos cursos de formación obrigatorios.
- Xestoría externa para temas laborais, fiscais e contables.

2. Medios utilizados:

A) Prácticos (equipamento):

- 1 equipo VHF portátil con banda servizo móbil marítimo, e homologado e intrinsecamente seguro. Ademais, deberá dispoñerse dunha unidade de reserva.
- Deberase dispoñer polo menos de dous cargadores, cada un deles con capacidade suficiente para manter operativas as baterías dos equipos VHF empregados.



– O práctico deberá dispoñer dun teléfono móbil para localización inmediata ante calquera emerxencia que xurda no servizo, ou ben de calquera outro medio válido para a devandita localización.

– Igualmente, os prácticos dispoñerán dun chaleco salvavidas con dispositivo de inflado automático, estes chalecos estarán deseñados de forma que non dificulten os movementos. Estes chalecos poderán ser substituídos por roupa especial dotada de flotabilidade positiva suficiente.

– Furgoneta de 75 CV ou similar que permita o movemento entre instalacións en condicións de seguridade.

B) Embarcacións de practicaxe:

Dispoñerán polo menos de 3 embarcacións coas características mínimas seguintes:

– Terán unhas dimensións e potencia suficientes para poder actuar en condicións meteorolóxicas adversas, como as que se adoitan producir en períodos invernales en augas do porto e os seus accesos.

– A eslora mínima aceptable será de 9 metros e a súa potencia non menor de 175 CV (128,7 kW). As embarcacións deberán estar construídas especialmente para poder abaraloarse aos buques sen sufrir danos. Deberán estar dotadas en toda a súa eslora dun cintón de protección capaz de soportar e/ou absorber os impactos que se produzan ao abaraloarse.

– A cuberta deberá ser antiescorregadiza e cunhas obstrucións mínimas para poder desprazarse desde a ponte ata o punto de embarque e deberá dispoñer de varanda para proporcionar asa ao práctico nese percorrido. Igualmente, na zona de punto de embarque e nas súas inmediacións deberá dispoñer de puntos en que sexa posible afirmar os arneses de seguridade para a súa utilización polo mariñeiro de apoio do práctico, no caso de que as manobras de embarque/desembarque así o requiran.

– A ponte de navegación deberá ter unha visibilidade máxima, a poder ser de 360° en sentido horizontal. A dita visibilidade cubrirá como mínimo toda a área de embarque (proa da ponte) e ambos os costados. Igualmente deberá de ter unha amplitude suficiente en sentido vertical que lle permita dispoñer de información suficiente no embarque e desembarque.



– O control de propulsión e goberno realizarase desde un punto, polo patrón que, sen moverse, dispoñerá de toda a información complementaria para navegar: radares, sonda, VHF, etc. Non obstante, aceptarase igualmente un segundo posto de mando exterior, aínda que non cumpra esta última condición (como segundo punto de control).

– Estas embarcacións para operar deberán dispoñer da tripulación mínima fixada pola Administración e con todos os certificados en vigor.

– No caso de que unha das embarcacións quede inoperativa debido a avaría, poderá ser substituída durante un período limitado por outra unidade de características inferiores que sexa adecuada para o practicaxe, como as existentes en estado de reserva. Non obstante, os responsables do practicaxe actuarán coa máxima dilixencia posible co obxecto de reparar as deficiencias para que volva quedar novamente en servizo.

C) Equipos de seguridade complementarios:

Independentemente do equipo que lle corresponda de acordo co seu certificado de seguridade, a embarcación deberá dispoñer de:

– 1 aro salvavidas con rabiza de 30 metros e luz.

– Arneses de seguridade en número suficiente (mínimo tres).

– Foco de procura para iluminar a 100 metros de distancia e cunha amplitude suficiente para iluminar a escala de prácticos cando se atope nas proximidades do buque a que presta servizo.

– Unha escala de rescate para recollida de home á auga, ou ben un dispositivo que permita realizar a dita operación con seguridade.

D) Equipamento electrónico:

– 1 transceptor VHF homologado para a banda do servizo móbil marítimo, cunha potencia de 25 vatios e instalación fixa.

– 1 radar de navegación.

– 1 GPS.

– 1 sonda.



Os medios relacionados enúncianse a título de exemplo, podendo ser similares ou análogos sempre que se respecte ou mellore a eslora, potencia ou parámetro de referencia do medio achegado. En caso de urxente necesidade, por mantemento ou avaría sobrevida, poderán ser puntualmente substituídos por outros que, sen cumprir aqueles parámetros, garantan a prestación do servizo con plena seguridade. A substitución dos medios relacionados por outros, aínda mellores, non poderá supoñer modificación das tarifas que vaia cobrar o práctico.

Artigo 15. *Seguro de responsabilidade civil*

Ao abeiro do artigo 120.1.p) da Lei 6/2017, de portos de Galicia, e en cumprimento do disposto no artigo 281 do Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, e no artigo 24 do Real decreto 393/1976 polo que se aproba o Regulamento xeral de practicaxe, o adxudicatario deberá ter cuberta a súa responsabilidade civil en que puidese incorrer na prestación do servizo de practicaxe nos portos de Cariño, Celeiro e Burela.

O importe deberá de ser de polo menos unha contía que cubra a responsabilidade civil do maior buque que visitase o porto no últimos cinco anos. Estímase que o arqueo máximo deste tipo de buques non superará en ningún caso os 5.000 GT, de modo que, aplicando a limitación legal de responsabilidade do práctico, 20 €/GT, arroxaría unha contía máxima de 100.000,00 €.

O prestador do servizo deberá xustificar a Portos de Galicia a concertación do devandito seguro con anterioridade á iniciación da prestación dos servizos.

Será por conta do empresario o custo destes seguros, debendo xustificar cando se lle requira que se atopa ao día no pagamento das primas.

Artigo 16. *Obrigas de servizo público relacionadas cos labores de salvamento, seguridade do porto e loita contra a contaminación*

O prestador do servizo especial de practicaxe e amarre estará obrigado, sempre de acordo coas súas capacidades e coa limitación do pleno respecto á normativa sobre prevención de riscos laborais e normas complementarias, a participar en operacións relacionadas con labores de salvamento, seguridade do porto e loita contra a contaminación, cando sexa requirido para iso pola autoridade competente.



Os ditos labores e, en xeral, as actividades que ocasionen custos puntuais identificables darán lugar ao pagamento das tarifas específicas establecidas para estes efectos.

Nestes casos facturarase cos criterios das tarifas máximas e cunha redución do 30 %.

Artigo 17. *Formación e período de prácticas*

O prestatario do servizo de practicaxe estará obrigado a prestar labores de titoría e formación dos titulares de novas habilitacións de práctico nos portos de Cariño, Celeiro e Burela, de acordo coa lexislación nesta materia vixente en cada momento.

Artigo 18. *Prestación do servizo de practicaxe*

O presente prego de cláusulas particulares formará parte obrigatoriamente da licenza que outorgue Portos de Galicia ao prestatario do servizo de practicaxe nos portos de Cariño, Celeiro e Burela.

Artigo 19. *Prazo da licenza*

O prazo de vixencia da licenza para a prestación do servizo será 10 anos, non excedendo en ningún caso os 11,25 anos por estar limitada a concorrencia a un único prestador.

Artigo 20. *Causas de extinción da licenza*

Poderán ser causas de extinción, de conformidade co establecido no artigo 122 da LPG:

a) Vencemento do prazo de vixencia previsto na autorización.

b) Revogación por perda ou incumprimento dos requisitos previstos para poder acceder a prestar o servizo, ou non adaptación ás prescricións reguladoras do servizo cando fosen modificadas.

c) Resolución por incumprimento das condicións do prego regulador do servizo e da autorización que se definan como esenciais nos devanditos documentos.



d) Extinción da autorización ou concesión, da autorización ou ocupación do dominio público portuario que se precise para a prestación do servizo ou do contrato a que se refire o artigo 116.7.

e) Polas demais causas previstas nos pregos reguladores do servizo e nas leis.


Artigo 21. *Sancións por deficiente prestación do servizo ou incumprimentos*

A corporación e os seus integrantes profesionais responsabilizaranse de todos aqueles danos e prexuízos causados por un déficit de servizo ou das súas prestacións.

Así mesmo, serán obxecto de sanción as condutas de incumprimento das obrigas formais deste prego, en particular as que supoñan ocultación ou falseamento da documentación necesaria para o control da licenza, podendo supoñer sancións desde a centésima á décima parte do estimado de ingresos anuais ou dos ingresos do ano anterior e a acumulación de ata o quintuplo da cantidade defraudada.




ANEXO I
Plano de zonas de practicaaxe




CVE-DOG: yk9ysgq2-c9o0-jqy4-21b2-xm2qesa612x5





CVE-DOG: yk9ysgq2-c9o0-jqy4-21b2-xm2qesa612x5





CVE-DOG: yk9ysgq2-c9o0-jqy4-21b2-xm2qesa612x5



ANEXO II

Tarifas que se van aplicar. Importe estimado do contrato

Tarifas portos de Cariño, Viveiro e Burela.

Ano	Estimado	243.590,00 €	Incremento tarifas			28,75 %	
2022	Comp. máx.	102.042,00 €	Incremento tráfico			0,00 %	
Tarifas		Practicaxe	Movemento	Amarre		Recargas	
0	3000	334,75 €	320,59 €	281,96 €		Sábados	40 %
3001	4500	410,71 €	372,09 €	342,48 €		Domingos	50 %
4501	6000	450,63 €	435,18 €	395,26 €		Nocturnos	40 %
6001	7000	508,56 €	493,11 €	427,45 €			
7001	8000	572,94 €	557,49 €	466,08 €			
8001	9000	643,75 €	628,30 €	511,14 €			
9001	10000	721,00 €	686,24 €	562,64 €			
+	1000	77,25 €	77,25 €	51,50 €			
Buques		Practicaxe	Movemento	Amarre	Total		
0	1500	30	2	30	62		
1500	2500	8	1	8	17		
2500	3500	164	8	164	336		
3500	5000	12	0	12	24		
0	1500	0	0	0	0		
1500	2500	0	0	0	0		
2500	3500	16	1	16	33		
+	1000	0	0	0	0		
		230	12	230	472		
Importes		Practicaxe	Movemento	Amarre	Total	Recargas	Previsión
0	1500	10.042,50 €	641,18 €	8.458,80 €	19.142,48 €	29 %	
1500	2500	3.285,68 €	372,09 €	2.739,84 €	6.397,61 €		
2500	3500	73.903,32 €	3.481,44 €	64.822,64 €	142.207,40 €		
3500	5000	6.102,72 €	0,00 €	5.129,40 €	11.232,12 €		
1500	2500	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
2500	3500	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
3500	5000	11.536,00 €	686,24 €	9.002,24 €	21.224,48 €		
+	1000	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
		104.870,22 €	5.180,95 €	90.152,92 €	200.204,09 €	58.059,19 €	258.263,28 €
Tarifas 2022. Tráfico 1T 2021-2T 2021 (x2)							
Estimado do contrato sobre o que se practicará compensación no caso de non chegarse a el:							243.590,00 €



ANEXO III
Custos estimados servizo

	Ano compra	Importe	Amortización	Importe anual
Custos estimados-servizo de practicaxe portos de Cariño, Viveiro e Burela	2022			243.590,00 €
Medios humanos				190.885,00 €
Práctico		80.000,00 €	1	80.000,00 €
Práctico auxiliar		32.000,00 €	1	32.000,00 €
SS-Práctico		16.200,00 €	1	16.200,00 €
SS-Práctico auxiliar		4.050,00 €	1	4.050,00 €
Mariñeiría e outros				58.635,00 €
Medios materiais				38.885,00 €
Servizos externos				13.820,00 €
Custos + beneficio (6 %)-servizo de practicaxe puertos de Cariño, Viveiro e Burela	2022			258.205,40 €

ANEXO IV
Compensación máxima do servizo

A compensación máxima para equilibrar o servizo recollido no presente prego será de: 102.042,00 €/ano.

A compensación calcularase coa referencia do estimado do contrato (243.590,00 €/ano) co obxecto de garantir como ingresos mínimos os custos estimados.

